

Mira o seguinte vídeo e contesta ás preguntas segundo a información que che proporciona:

Comprométete co planeta... A que esperas?

Pertencemos a unha sociedade consumista. O 20 % da poboación mundial consume o 80 % dos recursos do planeta

Despois de ver o vídeo contesta ás preguntas:

1. Marca a opción correcta: Por que consumimos tanto?

- Porque nos gusta ir de compras a socializarnos.
- Porque os anuncios publicitarios anímannos a consumir.
- Porque non sabemos o que queremos.



Con pequenos xestos no noso día a día podemos minimizar o noso impacto no planeta.

2. Tendo en conta a información do vídeo, Cales dos seguintes comportamentos axudarían a mellorar a situación actual do planeta?

- Darlle unha segunda vida aos obxectos que mercamos.
- Pedir algo prestado temporalmente e non comprar.
- Mercar produtos reutilizables.
- Evitar os envoltorios.
- Utilizar o papel polas dúas caras.
- Andar máis en bicicleta.



- Reducir a cantidade de auga que consumimos.
- O que xa non necesitamos podemos levalo ao punto limpo.
- Comprar produtos envasados.
- É mellor mercar os produtos a granel.



3. Canto tardan en desaparecer os seguintes produtos?

Un pano de papel	450 anos
Un chicle	De 10 - 500 anos
Unha bolsa de plástico	5 anos
Un bote de refresco	4000 anos
Unha botella de vidro	3 anos

4. Contesta cun número:

- Cantos quilogramos de lixo/día produce de media cada galego/a?
- Cantos millóns de toneladas de plástico acaban nos océanos segundo o vídeo?
- Cantas especies de animais se extinguen cada día?

5. Contesta cunha sigla, que combustible se obtén nas plantas de SOGAMA?

Con este combustible, SOGAMA podería abastecer unha cidade como

Cada ano 10 millóns de toneladas de plástico, acaban nos mares e océanos.

6. Onde se sitúa unha illa de lixo cunha extensión maior que España e Portugal xuntos?

.....

7. Coa información do vídeo... Por que é importante reciclar. Escribe un texto de 5 a 6 liñas